

NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada titular da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, aprobou o día 18.09.2018, a seguinte resolución:

“O Concello de Ferrol, no ámbito das súas competencias en materia de ocio e tempo libre, artigo 25.2.1) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, organiza o concurso de grafiti-mural "aBANZAI" para a mocidade en idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos.

As Bases para dito concurso foron aprobadas por Decreto da concelleira delegada titular da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller o día 20.08.2018.

O prazo para inscribirse comezou o día 29 de agosto e rematou o 7 de setembro.

A Base 8, establece que se publicará na páxina web do Concello, o nome das persoas ou grupos finalistas para participar no concurso que terá lugar o día 22 de setembro.

Para dar cumprimento a dita Base, a concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, acorda o seguinte:

- Aprobar a relación de seleccionados/as para participar no concurso aBANZAI que terá lugar o día 22 de setembro de 2018.

APELIDOS E NOME
Rael, Malle
Paz Melero, David
Gómez Sanjurjo, Edgar
Seoane Casanova, Eva
De Cicco Toimil, Ernesto
Soutullo Pandelo, Adrián

Convocar aos seleccionados/as para o día 22 de setembro de 2018, ás 8:30h da mañá para plasmar a súa obra no muro da pista deportiva anexada á igrexa de Santa Mariña.

“

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

Decreto.- Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.”

Comunícollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O secretario xeral